


**OLA!
SOMOS**

D  **OWN**

Galicia

Federación
Síndrome
de Down



QUEN SOMOS?

Ao longo dos anos 90, a ausencia de dereitos, atención e inclusión social das persoas coa síndrome de Down impulsou ás súas familias a xuntarse para defender a súa calidade de vida. Nacen así 7 entidades Down, para cubrir todo o territorio galego, así como a Federación Down Galicia, coa finalidade de coordinarse e remar xuntas.



QUE FACEMOS?

O traballo artículase como un servizo de promoción da autonomía das **persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais**. Este servizo abrangue todo o período evolutivo das persoas, polo que os programas están organizados en áreas segundo ás necesidades de cada unha das etapas vitais.






ÁREA DE ATENCIÓN TEMPERÁ

Favorece o desenvolvemento motor, cognitivo, social e da linguaxe dos/das bebés nos seus primeiros anos de vida. Inclúe, ademais, a sensibilización e información ao persoal sanitario, e o acompañamento e asesoramento familiar.

ÁREA DE INCLUSIÓN EDUCATIVA

Está dirixida aos nenos e nenas en etapa escolar. Promove a escola inclusiva a través da coordinación cos centros educativos e as familias, para ofrecer ao alumnado as mesmas condicións e oportunidades, a través da eliminación das diferentes barreiras existentes. Tamén se da apoio psico-pedagóxico a través da lecto-escritura, logopedia ou estimulación cognitiva.





ÁREA DE FORMACIÓN E EMPREGO

Está dedicada ás persoas que remataron a súa etapa educativa ou que están na procura activa de emprego. A súa fin é desenvolver as habilidades para a inserción laboral e a mellora da empregabilidade, xa que o traballo favorece a inclusión socio-laboral e a vida autónoma. Na área destaca o servizo Emprego Con Apoio, no que o preparador/a laboral forma á persoa no seu posto de traballo.



ÁREA DE VIDA ADULTA E INDEPENDENTE

Dirixida á etapa adolescente e adulta. A súa fin é acadar a inclusión social activa a través da promoción da autonomía e toma de decisións. Abrangue a formación para a vida adulta, vivenda ou autoxestión. Inclúe o envellecemento activo das persoas de maior idade.

ÁREAS COMPLEMENTARIA E TRANSVERSAL

Estes programas abranguen todas as etapas vitais. Teñen como obxectivo desenvolver a autonomía das persoas involucrando a todos os grupos de interese, incluíndo ás familias e á contorna social. Entre eles, atópanse programas como sensibilización, ocio ou novas tecnoloxías.



CAL É O NOSO OBXECTIVO?

Desde a súa creación, as entidades Down lograron parte dos seus obxectivos. A derradeira meta é conseguir que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais consigan unha vida autónoma e tomen as súas propias decisións, sendo respectadas e participando na sociedade.

FEDERACIÓN DOWN GALICIA

981 58 11 67

downgalicia.org

downgalicia@downgalicia.org



ENTIDADES DA FEDERACIÓN

Down Vigo

986 20 16 56

downvigo.org

Down Pontevedra 'Xuntos'

986 86 55 38

downxuntos.org

Down Ourense

988 37 03 13

downourense.org

Down Lugo

982 24 09 21

downlugo.org

Down Compostela

981 56 34 34

downcompostela.org

Down Coruña


981 26 33 88

downcoruna.org

'Teima' Down Ferrol

981 32 22 30

teimadownferrol.org



Subvencionado por



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL